



ANUNCIO LICITACIÓN

CONTRATO DE SERVIZO XESTORÍA E ASESORÍA LABORAL, CONTABLE E FISCAL

NÚMERO DE EXPEDIENTE: GALP1-F-004/2023

1. ENTIDADE DE CONTRATACIÓN

Entidade de contratación	Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) A Mariña-Ortegal CIF: G27386192
Obtención de documentación e información	Enderezo: Rúa Misericordia, Nº 35, Baixo, 27850 Viveiro (Lugo) Teléfonos: 982 56 33 55 / 604 03 47 48 Correo electrónico: galp.mar.marinaortegal@xunta.gal Sitio web do contratante: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions
Órgano de contratación	Presidencia do GALP A Mariña-Ortegal
Responsable do contrato	Verónica Díaz Guerreiro, Técnico do GALP A Mariña-Ortegal
Data e hora límite de obtención de documentación e información	Ata as 14:00 horas do derradeiro día laboral de presentación de ofertas
Referencia do expediente	GALP1-F- 004/2023
Denominación do expediente	Servizo de Xestión e Asesoría Laboral, Contable e Fiscal

2. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

Tramitación	☒ Ordinaria ☐ Urgente
Procedemento (segundo a Instrución 1/2023 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, dispoñible en: https://galp.xunta.gal/normativa)	☐ Procedemento I, para a adjudicación directa de contratos para necesidades puntuais ou esporádicas dos GALP. ☒ Procedemento II, para gastos derivados de necesidades continuas dos GALP ou esporádicas con determinados valores estimado. ☐ Procedemento III, para gastos derivados de contratos suxeitos a regulación harmonizada.



Contrato suxeito a regulación harmonizada	☐ Si ☒ Non	Subdivisión en lotes	☐ Si ☒ Non
Admisión de prórroga	☒ Si ☐ Non	Revisión de prezos	☐ Si, segundo a modificación do contrato prevista no PCAP ☒ Non procede
Admisión de variantes e/ou melloras	☐ Si ☒ Non	Admisión de subcontratación	☐ Si ☒ Non

3. CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

Tipo de contrato	Contrato de Servicios
Descrición da licitación	O obxecto deste contrato é a prestación do Servizo de Xestoría e Asesoría Laboral, Contable e Fiscal do GALP A Mariña-Ortegal como entidade sen ánimo de lucro e colaboradora da Consellería do Mar para a xestión do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA).
Prazo de execución	Dende a formalización do contrato (previsiblemente setembro) ata o 31 de decembro de 2026 (40 mensualidades)
Prórrogas	Admítese prórroga do contrato. O contrato poderá prorrogarse como máximo ata o 31 de decembro de 2029. A prórroga será realizada anualmente e por períodos anuais ata o 31 de decembro de 2029. A prórroga será obrigatoria para o contratista, salvo que o GALP A Mariña-Ortegal desista dela, en cuxo caso deberá comunicalo ao contratista cunha antelación mínima de 1 mes á data de finalización do contrato.
Calendario para a prestación do servizo	Segundo o especificado no Prego de Prestacións Técnicas (PPT)
Duración	40 meses sen prórrogas. Duración máxima, incluíndo as posibles prórrogas, 76 meses.

4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Criterios avaliados de xeito automático:	Ponderación- 100 puntos (puntuación máxima)
---	--

- Criterio único e cuantificable automáticamente a través do prezo	Darase a máxima puntuación á oferta económica admitida de prezo máis baixo. As restantes ofertas acadarán a puntuación que lles corresponda de acordo coa seguinte fórmula: $Pi = PM \times OB / Oi$ Pi = Puntuación da oferta a valorar PM = Puntuación máxima do criterio OB = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE) Oi = Oferta a valorar (sen IVE)
Criterios avaliables mediante xuízo de valor	Non existen

5. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO DE LICITACIÓN

Valor estimado do contrato	27.360,00.-€ (Ive excluído)	
Orzamento de licitación	Importe base de licitación	14.400,00.-€
	IVE (21%)	3.024,00.-€
	Importe total de licitación	17.424,00.-€
Financiamento	Esta contratación está financiada nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), segundo o Convenio de colaboración asinado polo GALP A Mariña-Ortegal coa Consellería do Mar o 9 de xaneiro de 2023 para a aplicación da EDLP no marco do FEMPA 2021-2027.	

6. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

Lugar de presentación	As propostas deberán ser remitidas por correo postal certificado ao GALP A Mariña-Ortegal, no enderezo: Rúa Misericordia, Nº 35, baixo, 27850 Viveiro (Lugo), sendo preceptivo o envío do xustificante de presentación dentro do prazo de presentación das ofertas por correo electrónico ao seguinte enderezo electrónico: galp.mar.marinaortegal@xunta.gal Deberase presentar un total de dous sobres pechados: -Sobre A: "Documentación xeral". -Sobre C: "Criterios avaliables de forma automática" <u>*No exterior dos mesmos debe indicarse:</u> Tipo de sobre: A ou C Licitación: GALP1-F-004/2023- Servizo de Xestoría e Asesoría Laboral, Contable e Fiscal.
------------------------------	---

	Nome e apelidos da entidade licitante Sinatura do licitador/persoa que o represente.
Prazo de presentación	O prazo máximo para a presentación de ofertas é de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte a publicación do anuncio de licitación na páxina web: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions Se o último día de presentación coincide en sábado ou día inhábil, o prazo de presentación rematará o primeiro día hábil seguinte. Non se admitirán ofertas presentadas fora de prazo.
Forma de presentación	A documentación necesaria e preceptiva presentárase en dous sobres pechados: <u>SOBRE A</u> (identificando no seu exterior como “SOBRE A”)*: Anexo I – Datos do licitador Anexo II de declaración responsable do licitador Anexo III de declaración xurada de cumprimento de requisitos (*) As persoas ou empresas licitantes, coa presentación da Declaración Responsable, exímense de presentar toda a documentación acreditativa do cumprimento, que será requirida e deberá ser presentada unicamente pola persoa ou empresa que resulte adxudicataria. <u>SOBRE C</u> (identificando no seu exterior como “SOBRE C”): Anexo IV - Oferta económica A inclusión no SOBRE A de calquera información relativa ás características do contrato ou da oferta económica, será causa de exclusión do procedemento de licitación da persoa ou entidade licitante. As ofertas presentadas, e toda a documentación preceptiva , deberán vir asinadas pola persoa licitante ou representante legal da entidade licitante , debendo figurar unha folla independente na que se relacione o contido da oferta que se presenta (índice numerado do contido dos documentos que se presentan /documentación anexa).
Prazo durante o cal a persoa ou entidade licitante está obrigada a manter a súa oferta	Dous (2) meses contados desde a data de apertura de proposicións.

7. APERTURA DE OFERTAS

Descrición	Apertura pública do SOBRE C.
Lugar	Sede do GALP A Mariña-Ortegal : Rúa Misericordia, nº 35, baixo. Viveiro (Lugo)



Data e hora	Publicarase na páxina web: https://galp.xunta.gal/a-marina-ortegal/licitacions a data e a hora da apertura do Sobre C, cun mínimo de 48 horas de antelación.
--------------------	--

8. DOCUMENTOS ADXUNTOS

- ✓ **Prego de Clausulas Administrativas (PCAP) e Técnicas (PPTP)**
- ✓ **Anexo I-** Datos do licitador (incluir cuberto e asinado no Sobre A)
- ✓ **Anexo II-** Declaración Responsable (incluir cuberto e asinado no Sobre A)
- ✓ **Anexo III-** Declaración xurada (incluir cuberto e asinado no Sobre A)
- ✓ **Anexo IV-** Modelo de oferta económica (incluir cuberto e asinado no Sobre C)

En Viveiro a 18 de xullo de 2023

Asdo: Verónica Díaz Guerreiro
Técnico do GALP A Mariña-Ortegal

